



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 04/09/2010.

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiro ausente:

D. José Serafín Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e seis minutos do sábado día catro de setembro de dous mil dez, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de xullo do presente ano dous mil dez. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. O Sr. Bedoya interven para solicitar a corrección dun erro no punto relativo a rogos e preguntas, clarexando que a senda peonil á que se refería era entre Silvalonga e Santa Mariña, pola existencia na zona dun centro para persoas maiores. Correxido este pequeno erro, sométese seguidamente a votación a aprobación da devandita acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. APROBACIÓN DA ANUALIDADE 2011 DO P.C.C.



Dase conta polo Sr. Alcalde do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a participación deste Concello no referido Plan, da cantidade que corresponde a este Concello e do proxecto redactado para a obras que o grupo de goberno propón incluír no mesmo, que son as de "Mellora da rede xeral de abastecemento de auga en Agra de Arriba e Cornide e saneamento na parte alta de Currás". O expediente de que se trata foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.

O Concelleiro de Obras, Sr. Gudín explica de seguido o contido concreto do proxecto, que se centra en melloras necesarias, sobre todo na rede de abastecemento, que precisa a substitución de varias conduccións vellas.

O Sr. Bedoya interven brevemente para manifestar a conformidade do seu grupo coa proposta do grupo de goberno, por entender que as actuacións recollidas no proxecto sometido a aprobación son necesarias, solicitando algunha aclaración puntual sobre o contido do proxecto, que se lle facilita polo Sr. Gudín.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

Denominación da obra	Orzamento Total	Achega Municipal	Achega Provincial
Mellora da rede xeral de abastecemento de auga en Agra de Arriba e Cornide e saneamento na parte alta de Currás	100.642,15	7.454,32	93,187,83

2º.- Aprobar o proxecto da obra incluída na anualidade 2011 que se relaciona no punto anterior.

3º.- Manifestar expresamente que este Concello non solicita a inclusión de obra complementaria algunha para a anualidade 2011.

4º.- Declarar que o Concello dispón dos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

5º.- Manifestar que para o financiamento da achega municipal, este Concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente crédito dabondo para o seu financiamento.

6º.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do referido investimento.



7º.- Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º.- Facultar ó Alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

TERCEIRO. DETERMINACIÓN DE FESTIVIDADES LOCAIS PARA 2011.

Dase conta da necesidade de determinar as datas das festividades laborais de carácter local para o próximo ano 2011, en cumprimento do solicitado desde a Xunta cada ano. O Sr. Alcalde propón manter as datas tradicionais: o martes de Entroido, que no 2011 será o 8 de marzo, e Santa Isabel, que se celebrará o 2 de xullo. O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

Os restantes concelleiros amósanse conformes con esa proposta, e a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda fixar como festividades laborais para 2011 os referidos días 8 de marzo, Martes de Entroido, e 2 de Xullo, Santa Isabel, ordeando a remisión dunha certificación do presente acordo á Consellería competente.

CUARTO. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2009.

Dase conta do expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral deste Concello, correspondente ó exercicio de 2009, dictaminada favorablemente pola Comisión Especial competente, e exposta ó público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 124, do 2 de xullo pasado, sen que durante o prazo legalmente establecido se presentase alegación ou reclamación algunha. En consecuencia, propónse polo Sr. Soto, Concelleiro de Facenda, a aprobación da mesma, tras explicar que as porcentaxes de execución do orzamento, tanto en ingresos como en gastos, e dos investimentos previstos, superaron o 95%, polo que se valora positivamente a previsión e a xestión do orzamento do 2009. O Sr. Bedoya interven brevemente, para dicir que o seu grupo vai votar en contra, por unha cuestión de coherencia, xa que non apoiaron no seu día o orzamento ó que corresponde esta Conta Xeral.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos cinco concelleiros do BNG e o do PSOE, con catro votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda:

1º.- Aproba-la conta xeral deste Concello correspondente ó exercicio económico de 2009, sendo o seu resume o seguinte:

A) Conta Xeral de 2009:

1) Balance de situación: 15.142.310,08

2) Conta de resultados:

a) Resultados correntes do exercicio: 2.105.449,76

b) Resultados extraordinarios: 0

c) Resultado da carteira de valores: 0

3) Liquidación do Presuposto:



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- Dereitos recoñecidos netos: 3.906.509,33
- Obrigas recoñecidas netas: 3.810.709,08
- Resultado presupostario: 95.800,25
- 4) Estado demostrativo de exercicios pechados:
 - Obrigas pendentes de ordear: 7.507,29
 - Dereitos pendentes de cobro: 36,02
- 5) Estado dos compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros: 0
- 6) Estado de Tesorería:
 - Existencia final en bancos: 757.846,93.

2º.- Ordea-la remisión dunha copia ou a transmisión telemática dos datos da conta xeral de que se trata ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Cuentas, en aplicación do establecido na lexislación reguladora das Facendas Locais.

QUINTO. APROBACIÓN INICIAL DE ACORDO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS RELACIONADAS COA TAXA DO 1,5%.

Dase conta de que a Deputación Provincial da Coruña ven de modificar as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia para posibilitar a asunción, por parte desta, da xestión, inspección e recadación da taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais as favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

O concelleiro de facenda, Sr. Soto, explica que unha das principais vantaxes desta delegación sería que a Deputación conta con máis medios para o control da facturación das empresas suxeitas a esta taxa, o que permitirá seguramente un incremento da recadación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- Delegar na Deputación Provincial da Coruña a xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais as favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto da presente delegación pode afectar tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no término municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

2º.- Ordear a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de trinta días hábiles, para xeral coñecemento e presentación de alegacións, e que se someta con posterioridade o asunto novamente á consideración deste Pleno para a adopción do acordo definitivo que corresponda.

SEXTO. ACORDOS RELATIVOS Ó REAL DECRETO SOBRE O CARBÓN.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Dase conta da moción presentada polo PP con data do pasado día 21 de xullo, que o Sr. Bedoya le a solicitude do Sr. Alcalde e que literalmente di:
“O Grupo Municipal Popular, ó amparo do desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidas na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de febreiro, o Goberno Central aprobou un real decreto para primar o consumo de carbón nacional, unha medida de dudosa legalidade por vulnerar a normativa reguladora do mercado eléctrico Español e establecer axudas de estado incompatibles coa normativa Comunitaria, así recoñeceuse por solventes informes emitidos pola Comisión Nacional da Enerxía e pola Comisión Nacional da Competencia.

Con todo isto, este Real Decreto, publicouse no B.O.E. non logrando a súa entrada en vigor por estar condicionada a súa vixencia ó pronunciamento da Comisión Europea sobre a súa compatibilidade coa normativa comunitaria.

O Goberno Galego manifestou a súa negativa ó mesmo na Comisión Nacional da Enerxía, pedindo no Pleno do Consello Consultivo de Hidrocarburos a súa derogación expresa.

O Real Decreto, pendente da súa revisión pola Unión Europea, aprobaríase definitivamente este mesmo mes, xa que o Goberno do Estado pretende que este pronunciamento da Comisión Europea produzase sen que se escoiten as partes afectadas e perjudicados, polo que o Goberno de Galicia solicitou formalmente ó Vice-Presidente da Comisión Europea a incoación do procedemento formal de investigación con arranxo ó artigo 108.2 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, ó efecto que antes de que a Comisión tome unha decisión escoite ós afectados.

No suposto que esta normativa estatal entrara en vigor tería unha clara consecuencia, a condena de boa parte do sector enerxético galego, especialmente das centrais térmicas de Meirama e As Pontes, e os ciclos combinados das Pontes e de Sabón.

Esta condena traerá como consecuencia unha seria ameaza para a pervivencia de 2.000 postos de traballo para as comarcas das Pontes e Cerceda.

Ademais, o “efecto domino” da dita medida perxudicará as actividades portuarias da Coruña e Ferrol, as cales dependen en gran medida das descargas de carbón importado.

Ó primar o carbón nacional, cuxas explotacións consideráanse xa ineficientes por non ser rentables por todo o sector enerxético español, discrimínase de forma notable a aquelas industrias que apostaron pola innovación tecnolóxica mediante inversións que substituíron a queima de lignito pola hulla de importación, máis barata pero, sobre todo, menos contaminante.

O Goberno español, que nos últimos anos destinou 6.000 millóns de euros a primar o consumo de carbón contaminante ó mesmo tempo que decía apostar polas enerxías limpas, pretende agora subvencionar con entre 400 e 600 millóns de euros ó ano a compra de carbón autóctono, unha materia prima xa rexeitada polo sector enerxético galego.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

A importación de hulla, polo contrario, non só xenera unha maior eficiencia enerxética, senon que abarata os custos de produción e da emprego a centos de persoas nos portos da Coruña e Ferrol, á flota de transportes por camiión e, especialmente, ós cadros de produción e mantemento das centrais térmicas das Pontes e Meirama, que sostentan boa parte das economías locais das Pontes e Cerceda.

De feito, a aplicación do Real Decreto suporá a inmediata parada por cese de actividade das centrais de Meirama e As Pontes, a pesar de ser máis competitivas que outras industrias similares que noutras comunidades autónomas utilizarán carbón subvencionado con impostos de tódolos Galegos.

A planta de Meirama, na que se invertiron 120 millóns de euros para reducir un 80% a emisión de partículas, rebaixar un 90 % a emisión de azufre e un 20 % o dióxido de carbono xenera o 16 % da electricidade de Galicia, pero a súa continuidade depende da anulación deste Real Decreto.

A decisión do Goberno central terá tamén un incuestionable impacto negativo no porto de Ferrol, na actividade de Reganosa e nos ciclos combinados de produción enerxética, ademáis de deixar en suspenso os 440 millóns de euros previstos para desenvolver o plan gasístico de Galicia mediante a construción do gaseoducto Guitiriz- Madrid para duplicar a produción da planta de Mugar dos.

PROPOSTA DE ACORDOS:

PRIMEIRO: A Corporación Municipal de San Sadurniño acorda transmitir ó Goberno Central o seu absoluto rexeitamento do contido do Real Decreto que prima o carbón nacional, polas nefastas consecuencias que a súa aplicación terá para a economía galega e, en especial, o emprego neste municipio

SEGUNDO: Que se traslade este acordo ó Presidente do Goberno, ós portavoces parlamentarios nas Cortes, ó Presidente da Xunta e o Parlamento de Galicia.”

Di seguidamente o Sr. Bedoya que a emenda prantexada polo BNG desvirtúa totalmente o contido da súa, porque culpa da situación á Xunta, cando se trata dun asunto no que a Xunta carece de competencias, e que non aceptarán integrar as dúas mocións nin modificar a súa co contido da do BNG.

O Sr. Márquez toma a palabra de seguido para dicir que se trata dun problema complexo, que non se está a producir enerxía suficiente, no que está de acordo co contido da moción, pero que tamén o goberno ten que tomar decisións aplicables á totalidade do territorio do país, e remata decindo que o PSOE está a traballar neste tema, e que non se trata de censurar e criticar soamente, senon tamén de aportar ideas para un entendemento.

Fala de seguido o Sr. Soto, que reprocha ó PP a presentación da moción en castelán, incumprindo a normativa vixente no Concello, e realiza de seguido un resumo dos argumentos da emenda presentada, que literalmente di:

“A moción é oportunista e representa unha falta de seriedade e compromiso do PP para coas comarcas mineiras de Meirama e As Pontes, pois no canto de asumir a súa responsabilidade e manter os anteriores compromisos para fomentar a recolocación dos



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

excedentes das minas e a reindustrialización destas comarcas mediante a Mesa Galega do Carbón e seguir cos acordos do Goberno anterior, o único que fixo foi disolver dita Mesa e deixar todo nas mans do Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e Desenvolvemento Alternativa das Comarcas Mineiras, a través da Mesa Regional del Carbón, dependente do Goberno do Estado.

O actual goberno da Xunta de Galiza non quixo asumir a responsabilidade da xestión íntegra do proceso de recolocación dos traballadores e traballadoras das compañías auxiliares da minaría do carbón, o que na práctica é deixar de usar os fondos de reestruturación mineira para xerar unha alternativa á perda do emprego polo peche das minas, cando co anterior Goberno galego supeditábase a concesión das axudas ás novas empresas en función de si recolocaban aos traballadores e traballadoras excedentes das minas.

A moción do PP sérvelles para tapar a súa vergoña, pois non actuou cando o tiña que facer. No informe da Comisión Nacional da Enerxía 29/2009, na súa páxina 1, apartado 2. Comentarios, se recollen as posicións remitidas polos gobernos autónomos, e só aparece Catalunya como a única que presentou unha posición, deixando en evidencia o silencio do PP.

Se as comarcas mineiras de Meirama e As Pontes van ser dobremente castigadas; peche das minas de carbón, adecuación das instalacións para o ciclo combinado e o carbón importado, Real Decreto do Carbón que ten como único obxectivo trasladar a produción eléctrica a outros lugares do Estado, incrementar o déficit tarifario e responder a compromisos de comunidades autónomas nas que goberna o PSOE, é responsabilidade da Xunta de Galiza utilizar toda a capacidade que ten para minimizar ou reducir os efectos pero, como dixemos, non o fixo cando o tiña que facer, ao non trasladar a posición de Galiza á “Comisión Nacional de la Energía”.

Para maior mostra de cinismo político, no Congreso dos Deputados, onte 20 de xullo, coa abstención do PP e os votos en contra do PSOE, impediron que o Pleno do Congreso aprobase a resolución do BNG sobre o Decreto do Carbón para defender as comarcas mineiras galegas das Pontes e Cerceda. O grupo socialista opúxose a reformar o Decreto do Carbón para ter en conta a singularidade das comarcas mineiras galegas e o PP que, nun primeiro momento, dixera si á resolución do BNG, despois cambiou a sentido do seu voto unha hora antes da votación.

Por isto emendamos a moción do PP coas propostas que veñen a continuación, encamiñadas en diferenciar as posicións do BNG das do PP, aínda que poidamos ter puntos coincidentes, pero é necesario evidenciar a hipocrisía do PP e a contradición entre o que se dí en Galiza e o que din en Madrid, xa que a moción ten como único obxectivo darlle soporte para facer campaña electoral e seguir na súa dinámica de que o único culpábel e o Goberno do Estado, pero sen asumir as súas responsabilidades alí onde goberna como no caso de Galiza. Teñamos en conta que non presenta alternativas nin criterios na parte resolutiva, o que significa máis do mesmo: pólvora mollada, ao mesmo tempo que segue coa táctica do despiste. Polo tanto a nosa **EMENDA** vai nos seguintes termos:



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

1) Instar ao Goberno Galego a que solicite do Goberno do Estado a modificación dos contidos básicos do Decreto do Carbón, aos efectos de adaptalo ao desenvolvemento dunha estratexia enerxética económica e medioambientalmente sostíbel e ás especificidades das distintas comarcas mineiras, tendo en conta a singularidade das comarcas mineiras galegas (As Pontes e Meirama).

2) Instar ao Goberno Galego a:

A. Continuar coa revisión do cumprimento dos compromisos de contratación de traballadores e traballadoras das compañías auxiliares da minaría de carbón de todas as empresas que obtiveron subvención do Plan Miner vinculada aos ditos compromisos.

B. Nos casos de incumprimentos, promover diante do Ministerio de Industria o correspondente expediente de devolución das axudas recibidas.

C. Responsabilizarse directamente e con medios propios da xestión íntegra do proceso de recolocación dos traballadores e traballadoras das Compañías Auxiliares da Minaría de Carbón, dando conta ao Parlamento Galego.

D. Incrementar as liñas de axudas para as empresas que se instalen nas comarcas.

E. Que se axilice o funcionamento do Igape de maneira que se acurte ao máximo o proceso administrativo. E que no caso das empresas ás que lles corresponde algunha axuda, que esta se faga efectiva antes de 30 días desde o momento da concesión.

3) Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno do Estado e ao Presidente da Xunta de Galiza.”

O Sr. Bedoya di que está aínda máis convencido da imposibilidade de aceptar modificación algunha das contidas nesa emenda, engadindo que todo o que se poida acordar carecerá de sentido se se mantén o Real Decreto, que o PP non é o inimigo neste asunto e que a súa moción é lóxica e sinxela, sen divagacións.

O Sr. Alcalde di que le parece increíble algún dos parágrafos da moción do PP, que manifesta un radical cambio de postura. O Sr. Bedoya replica que todo cambia, como o propio BNG que agora financia a reparación e mellora do patrimonio da Igrexa. O Sr. Díaz di que este é un asunto moi serio para politizalo, e o Sr. Alcalde resposta que é política, que se trata da titularidade da produción enerxética e do seu control pola cidadanía, do esgotamento do carbón galego sen contraprestacións. Di que para o BNG non vale con culpar só a Zapatero, que a Xunta ten que asumir as súas competencias e esixir que non se marxine ao noso país. E propón que se someta a votación ordinaria a moción do PP, sen modificacións, xa que non parece posible acadar un acordo sobre a emenda.

O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometida finalmente a votación ordinaria a moción formulada polo PP, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SÉTIMO. ACORDOS RELATIVOS Á ESTRADA AC-861.



Dase conta da proposta formulada polo BNG en relación coa necesidade de reparación do firme da estrada AC-861 entre Igrefaitea e Espiñaredo, que literalmente di:

“O estado de deterioro no que se atopa a capa de rodadura da estrada comarcal AC-861 no treito comprendido entre Igrefaitea e Espiñaredo é de sobras coñecido por todas as persoas usuarias desta estrada. Estes usuarios e usuarias e o vecindario da zona levan anos sufrindo estas consecuencias negativas. Este deterioro, como é sabido, prodúxose principalmente polo intenso tráfico pesado que tivo que soportar antes de entrar en servizo o treito Igrefaitea – Espiñaredo da autovía AG-64. Tíñase a esperanza de que unha vez posta en servizo esta nova vía de comunicación entre Ferrol e As Pontes fose arranxado en condicións o tramo antes mencionado. Pero isto desgraciadamente non ocorreu, quedando este treito bastante deteriorado. Esta situación vaise agravando co paso do tempo pola ausencia de labores de mantemento e tamén, nestes intreos, ao absorber este vial todo o tráfico da AG-64 debido ás obras de reparación da ponte da Ramadela.

Por todo o exposto, Xesús Soto Vivero, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete á consideración do Pleno da Corporación Municipal, a adopción dos seguintes acordos:

1.- O Pleno do Concello de San Sadurniño esixe á Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio a reparación do firme do tramo da estrada AC-861 comprendido entre Igrefaitea e Espiñaredo

2.- O Concello de San Sadurniño fará chegar o presente acordo a tódolos Grupos Políticos con representación no Parlamento Galego, para que teñan en consideración na súa acción política esta esixencia.

3.- Comunicar-lle o presente acordo ao Presidente da Xunta e ao Conselleiro de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio.

O Sr. Bedoya di que o seu grupo está de acordo co contido desa proposta, que de feito xa formularon eles mesmos diante do delegado da Xunta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a proposta de que se trata.

URXENCIA. Antes de pasar ó oitavo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Non tendo o grupo da oposición proposta algunha que prantexar de asuntos urxentes, toma a palabra o Sr. Soto, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: unha proposta de compromiso relativa á solicitude de subvención formulada ó abeiro do establecido na Orde do 18/06/2010, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para proxectos municipais de educación para a sustentabilidade vinculados ó PXOM, publicada no DOGA nº 125, do 02/07/2010.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA. PRIMEIRO. COMPROMISO DO CONCELLO EN RELACIÓN COAS PROPOSTAS CIDADÁS RELATIVAS Ó PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

A proposta do Sr. Alcalde, a Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda formular o compromiso de ter en consideración as propostas e ideas que se elaboren e presenten ó longo das actividades divulgativas e participativas que este Concello proxecta realizar no marco da educación para a sustentabilidade en relación coa elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal, actividades que se espera sexan financiadas ó abeiro do establecido na Orde do 18/06/2010, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, pola que se aproban as bases e a convocatoria de subvencións a concellos para a realización de proxectos de educación para a sustentabilidade vinculados ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, publicada no DOGA nº 125, do 02/07/2010.

OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,